

A técnica que supervisou o proxecto no Haití difunde os avances en Galicia

□ A técnica que vén de supervisar en Haití o proxecto impulsado polo Fondo Galego de Cooperación e o Fons Català percorreu diversos Concellos socios para explicar os avances verificados en terreo. Entre o 14 e o 16 de decembro, Victòria Planas visitou Cambre, Allariz, Oímbra, Redondela e Vigo, todos eles doadores da conta de emerxencia aberta tras o terremoto. Daquela reuníronse un total de 171.192 euros, que se investiron nun proxecto para reducir a vulnerabilidade fronte aos desastres nos municipios de Carice, Vallières e Monbin Crochu.

Os alcaldes dos cinco Concellos galegos visitados, canda outros membros do equipo de goberno, ofreceron cadansúa recepción institucional á responsable de proxectos de Centroamérica, México e Caribe no Fons Català. Victòria Planas informou os representantes políticos sobre a marcha da iniciativa e tamén á presidenta do Fondo Galego, Teresa París, que a recibiu en Redondela. Neste Concello e mais no de Cambre impartiu a técnica senllas conferencias para achegarlle á cidadanía os datos recadados en Haití.



A técnica catalá recibiu un agasallo do alcalde de Redondela, Javier Bas, e da concelleira e presidenta do Fondo Galego, Teresa París.



A concelleira Pilar Gallego, Victòria Planas e o alcalde de Allariz, Francisco García, conversaron sobre o proxecto no Haití.



Victòria Planas explicoulles o proxecto ao alcalde de Vigo, Abel Caballero, e mais á concelleira e vicepresidenta do Fondo, Isaura Abelairas.



Recepción institucional no Concello de Cambre á técnica Victòria Planas, á esquerda, que supervisou o proxecto do Fondo Galego e o Fons Català no Haití.



As técnicas do Fons Català e do Fondo Galego informaron ao alcalde de Oímbra e a integrantes do equipo de goberno sobre os avances en Haití.

O Fondo Galego e a Fegamp reforzan a súa colaboración a prol da cooperación internacional

□ O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e mais a Federación Galega de Municipios e Provincias reforzarán os seus lazos de colaboración a prol da solidariedade internacional. A asemblea xeral da Fegamp aprobou por unanimidade o pasado 26 de novembro unha proposta de resolución neste sentido que foi presentada pola presidenta do Fondo, Teresa París, e que recibiu unha exitosa acollida por parte dos asistentes.

Perante o novo ciclo dos gobernos locais, o texto aprobado propoñía a creación, no seo da Fegamp, dunha Comisión Permanente de Relacións Exteriores na que o Fondo Galego teña un papel protagónico, inseríndose dentro da propia vida institucional da Federación, como auténtica axencia para a cooperación internacional das entidades locais galegas. O obxectivo é xerar sinerxías favorecedoras do compromiso solidario e do municipalismo.

O Fondo Galego aposta por enraizar a capacidade de traballo conxunta coa Fegamp, que segundo recolle a resolución presentada debe sentir como propio o éxito desta experiencia en rede solidaria, asimilando e estimulando o sentido da cooperación xerada ata o momento. Trátase de consolidar este proxecto, exemplo de traballo cooperativo superador das diverxencias, axuntando esforzos e sen que o contexto de crise supoña dar pasos atrás.



A presidenta do Fondo Galego, Teresa París, na parte baixa da imaxe, durante a asemblea da Fegamp.

Rematan as Vacacións con Traballo en Cabo Verde e Nicaragua

□ O programa Vacacións con Traballo 2011 pechouse co regreso dos dous últimos participantes, que se atopaban en Nicaragua e Cabo Verde.

Diego Sánchez, técnico de Turismo no Concello de Castrelo de Miño, colaborou co Instituto de Promoción Humana (INPRHU), no municipio nicaraguano de Totogalpa. Alí asesorou nalgúñas accións do plan de desenvolvemento turístico, participando na indicación de rutas de sendeirismo, análise de enquisas e inventarios, xuntanzas de sensibilización, etc. “Estase a realizar un bo traballo, polo que se conseguen superar algúns atrancos Totogalpa pode converterse nun destino de turismo comunitario rural”, comentou.

Cristina Moreiras, técnica da Concellería de Medio Ambiente de Ourense, cooperou no arquipélago africano co departamento homólogo da Cámara Municipal do Paúl. O seu labor foi sobre todo de apoio a dúas campañas, unha para a sensibilización ambiental da mocidade e outra para fomentar a compostaxe caseira. A causa das chuvias torrenciais, acabou colaborando tamén na valoración dos danos provocados na rede de augas. Para a ourensá, “a experiencia foi increíble e o trato exquisito, tanto no traballo como fóra del”.

No Paúl pasou tamén as súas Vacacións con Traballo a arquitecta María José Pérez, da Deputación de Pontevedra, apoiando o persoal do Concello. Tamén Joaquín Lede, empregado da mesma Administración provincial, intercambiou coñecementos na Cámara Municipal de Porto Novo. A maioría xa relataron as súas vivencias a través dun blog dispoñible en www.fondogalego.org e axiña se editará unha publicación coas experiencias dos catro.



Cristina Moreiras colaborou na valoración dos danos causados polas chuvias no municipio caboverdiano do Paúl.



Diego Sánchez, durante as súas Vacacións con Traballo en Nicaragua avaliando unha ruta de sendeirismo canda un técnico do INPRHU.

Un equipo de Agareso filma en Cabo Verde para o documental sobre o Fondo Galego

Un equipo da Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) permaneceu durante dez días a Cabo Verde para recoller o material audiovisual que centrará o próximo documental sobre o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A redactora Mónica González e o cámara Xacobe González realizaron numerosas entrevistas e filmacións sobre os proxectos apoiados no arquipélago, onde se concentrou boa parte do traballo dos últimos anos.

Este desprazamento a terreo encádrase na colaboración establecida entre ambas as dúas entidades para visibilizar o labor da asociación municipalista. A peza amosará non só os proxectos impulsados no Sur, senón tamén as actividades de sensibilización realizadas no Norte, ademais de explicar que é o Fondo Galego de Cooperación e os seus obxectivos.

Diversos voluntarios e voluntarias profesionais de Agareso están a participar na preparación deste documental, entre eles os xornalistas Miguel Caruncho e Saraih Lago. Está previsto que se estree o próximo ano, coincidindo coa conmemoración do XV aniversario do Fondo Galego, cunha campaña de difusión que permita achegar á cidadanía os resultados da cooperación descentralizada promovida polas Deputacións e Concellos socios.



A redactora Mónica González e o cámara Xacobe González, integrantes de Agareso, filmaron en Cabo Verde para o documental sobre o Fondo Galego.

O proxecto 'Redes para o Desenvolvemento' preséntase á Rede Municipalista Solidaria

O 30 de novembro reuniuse en Santiago de Compostela a Rede Municipalista Solidaria integrada polo persoal técnico delegado das relacións co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade en cada unha das Administracións socias. No transcurso da reunión, á que tamén asistiron varias representantes políticas, presentouse o proxecto europeo 'Redes para o desenvolvemento', onde o Fondo Galego asesora a Portugal e Alemaña na promoción das redes de cooperación descentralizada.

A presidenta do Fondo Galego de Cooperación, Teresa París, foi a encargada de abrir a xuntanza. O responsable da Secretaría Técnica realizou a continuación un repaso das actividades incluídas no Plan de Sensibilización correspondente ao ano que agora remata. Estas iniciativas van desde exposicións e contacontos ata tres encontros cos grandes partidos políticos que se organizarán en próximas datas. As e os presentes fixeron un balance conxunto do exercicio e propuxeron novas ideas para o Plan de Sensibilización 2012.

A técnica de Proxectos ofreceu asemade información actualizada sobre as iniciativas que nestes intres se apoian en Cabo Verde, Nicaragua e Haití. Tamén se revisaron as actuacións do departamento de Comunicación e animouse aos Concellos e Deputacións a visibilizar o labor do Fondo Galego con accións tan sinxelas como incorporar un banner no web institucional ou interactuar na páxina de Facebook.



A Rede Municipalista Solidaria reúne persoal dos Concellos e Deputacións socias do Fondo Galego.

Fondos destacados

Memoria del saqueo: O autor, Fernando 'Pino' Solanas, tenta compoñer, a través deste documental declarado de interese educativo, un relato do que pasou na Arxentina desde a ditadura militar de 1976 ata as revoltas sociais de 2001. A Arxentina pasou en tempo récord da prosperidade á necesidade, a causa, principalmente, da débeda externa, da corrupción no poder político e sector financeiro e do espolio de bens públicos. O país fora devastado por un novo tipo de agresión silenciosa e sistemática, que deixaba máis mortes que o terrorismo de Estado e a guerra das Malvinas. Isto sucedeu coa compracencia de numerosas compañías multinacionais e dos organismos públicos internacionais. Solanas trata de sacar á luz os mecanismos desta catástrofe que levou por diante non só a vida de centos de persoas, senón tamén os seus dereitos e liberdades, poñendo de manifesto o valor e coraxe da poboación arxentina que loitou por non sumirse na pobreza, asumindo que fronte á globalización deshumanizada outro mundo é posible.



Derechos humanos y diversidad cultural. Globalización de las culturas y derechos humanos: Os autores desta obra analizan e cuestionan os dereitos humanos desde unha nova visión, partindo da súa historia, unha longa marcha con avances e retrocesos asociada aos diferentes períodos ideolóxicos, que non fixo máis que perturbar a súa mensaxe e dificultar o seu cumprimento. Cada autor pon en evidencia a necesidade de pensar e aplicar uns dereitos humanos baseados en valores non excluíntes, que permitan á humanidade encamiñarse cara o progreso, defendendo que só a perspectiva da diversidade cultural nos conduce a el.

agaresoRADIO

www.agareso.org
www.fondogalego.org


VOCES CON
FONDO



Ségúenos en
facebook

Socios do Fondo Galego

Concellos: A Coruña, A Estrada, A Guarda, A Laracha, A Pobra de Trives, A Pobra do Caramiñal, A Teixeira, Abegondo, Allariz, Ames, Arteixo, As Pontes, Baiona, Bergondo, Betanzos, Boiro, Brión, Burela, Cabanas, Caldas de Reis, Cambados, Cambre, Cangas, Carballo, Cartelle, Castrelo de Miño, Castroverde, Cedeira, Corcubión, Covelo, Culleredo, Cuntis, Dumbría, Entrimo, Fene, Ferrol, Gondomar, Laxe, Lousame, Lugo, Malpica de Bergantiños, Manzaneda, Melide, Moaña, Mondoñedo, Monforte, Monterroso, Moraña, Mos, Mugar dos, Narón, Neda, Nigrán, Noia, O Barco, O Irixo, O Porriño, O Valadouro, Oímbra, Oleiros, Ourense, Outes, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Pontedeume, Pontevedra, Porto do Son, Ramirás, Redondela, Rianxo, Ribeira, Riotorto, Rodeiro, Sada, Salceda de Caselas, Samos, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Santiago de Compostela, Sarria, Soutomaior, Teo, Tomiño, Triacastela, Valga, Vereá, Verín, Vigo, Vilagarcía de Arousa, Vilar de Santos, Vilardevós, Viveiro, Xove. **Deputacións:** A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra.



DEPUTACIÓNS CONCELLOS



XUNTA
DE GALICIA



cooperación galega

Edita: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Redacción e Administración: Illa de San Simón,
36800 Cesantes-Redondela (Pontevedra) Galicia

Tel/Fax: 698 156 127

Internet: <http://www.fondogalego.org> **email:** info@igadi.org

Tiraxe: 600 exemplares **Depósito Legal:** VG-473-2007